

RAXO DO NOSO PAVO

Ingredientes:

- 500 g do noso pavo cortado en tacos.
- 3 patacas medianas.
- Cebola e cenoria.
- Chícharos.
- Pemento vermello.
- Pemento verde.
- Salsa de tomate.
- Aceite de oliva.
- Sal.

Preparación:

Salteamos en aceite quente todas as verduras picadas finas. Despois engadimos os tacos de pavo e salteamos todo xunto un pouco.

Cubrimos a carne con auga e deixamos cocer uns 10 minutos. Engadimos as patacas en anacos, os chícharos e a salsa de tomate.

Cociñamos este guiso ata ter as patacas e os chícharos no seu punto.

